

**Apoio á poboación afectada e ao sector plataneiro da illa**

**EROSKI RECADA MÁIS DE 435.000 EUROS NA SÚA  
CAMPAÑA SOLIDARIA PARA AXUDAR AOS  
DAMNIFICADOS POLA ERUPCIÓN DO VOLCÁN DA  
PALMA**

- Doou 0,10 euros por cada quilo de plátanos Eroski Natur vendido en outubro na súa rede de tendas
- Os clientes realizaron doazóns voluntarias ao seu paso pola liña de caixas para apoiar a poboación da illa
- A recadación de EROSKI e os seus clientes será canalizada aos afectados a través da Cruz Vermella
- EROSKI colabora con máis de 300 pequenos agricultores da illa da Palma

Elorrio, 8 de novembro do 2021.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes doaron máis de 435.000 euros a prol das persoas afectadas pola erupción do volcán de Cumbre Vieja de La Palma grazas á campaña solidaria de emerxencia que puxo en marcha hai un mes en toda a súa rede comercial. EROSKI canalizou os fondos recadados a través da Cruz Vermella, entidade que está a traballar de forma directa en apoio á poboación damnificada por esta traxedia.

EROSKI puxo en marcha dúas iniciativas dentro da campaña. Por unha banda, animou os seus clientes a consumiren Plátano de Canarias como xeito de apoio ao sector plataneiro e á poboación afectada por esta catástrofe natural, xa que doou 0,10 euros por cada quilo de plátanos EROSKI Natur que se vendeu nas súas tendas. Por outra banda, apelou á colaboración dos seus clientes habilitando un mecanismo de doazón voluntaria ao seu paso por caixa.

*"Este tipo de iniciativas amósanos o forte compromiso dos nosos clientes coas persoas que máis o precisan. Por iso, dende EROSKI queremos agradecer, ante todo, a grande implicación e a resposta dos nosos consumidores á nosa chamada á solidariedade para os veciños da Palma, que axudará a cubrir as necesidades básicas de alimentación e aloxamento das persoas afectadas",* declarou Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

EROSKI comercializa aproximadamente 12,5 millóns de quilos da IXP Plátano de Canarias ao ano. Dende o 2015 faino tamén a través da súa marca propia EROSKI Natur, cunhas compras aproximadas de 5 millóns de quilos ano. O 95% das

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



## *Nota de prensa*

unidades de IXP Plátano de Canarias EROSKI Natur comercializadas proceden da illa da Palma, en concreto das plantacións de 325 pequenos agricultores.

*"O plátano de Canarias é un dos produtos máis apreciados polos nosos clientes, tanto pola súa calidade como polo seu sabor. A erupción do volcán está afectando gravemente as plantacións e infraestruturas, pero consumir plátano da Palma segue a ser seguro, san e saboroso",* explica o director de Saúde e Sustentabilidade.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)